WIKIPEDIA

Lingua keta

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **keto** (ou **ket**, ou **queto**), anteriormente coñecido como **ienisei ostiak**,[3] é unha lingua illada siberiana, a última supervivente da familia de linguas ieniseianas.

Houbo intentos por expertos soviéticos de estableceren unha relación entre a lingua keta e o burushaski, e mesmo coas linguas sino-tibetanas. Pero a maioría dos autores inclúeno na suposta familia das linguas dené-caucasianas.[4]

Hoxe en día hai pouco máis de 200 falantes da lingua keta. Realizáronse esforzos para introducir a lingua nas gardarías e nos colexios. A vila de Kellog, en Rusia, é o único lugar onde o keta aínda se ensina nas escolas. Aos alumnos subminístranselle libros especiais para os graos de segundo a cuarto, pero despois deses graos só hai bibliografía rusa para estudar a cultura keta.[1] A día de hoxe non se coñecen falantes monolingües,[5] polo que se teme que desapareza.

O número de compoñentes do pobo keta que teñen como lingua materna este idioma descendeu desde os 1 225 en 1926 até os 537 en 1989 e os 213 en 2010.[1]

Outra lingua pertencente á familia ieniseiana, o yugh, extinguiuse recentemente.

Lingua keta ***Кет язык***	
Falado en:	Rusia
Rexións:	Krai de Krasnoiarsk
Total de falantes:	213 (ano 2010) [1]
Familia:	Linguas turcas Linguas turcas siberianas Linguas na-dené Linguas ieniseianas **Lingua keta**
Escrita:	Cirílico
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Pobo keta (cooficial co ruso)
Regulado por:	yeni1252 [2]
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	ket (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=ket)

Índice

Características da lingua

- O keta é unha lingua tonal, con 5 tons distintos e unha estrutura fonética pouco habitual.

- En 1930, 1988 e 1991 creáronse alfabetos para esta lingua, o último baseado no alfabeto cirílico.

Alfabeto de 1930

a	ā	æ	b	c̣	d	e	ē	ə	f	g	h	ꞕ	i	ī	j	k	l
ḷ	m	n	ṇ	ŋ	o	ō	p	q	r	s	ṣ	t	u	ū	v	ƶ	ь

Alfabeto cirílico de 1991

а	б	в	г	г̡	д	е	ё	ж	з	и	й	к	ӄ	л	м	н	ӈ	о
ө	п	р	с	т	у	ф	х	ц	ч	ш	щ	ъ	ә	ы	ь	э	ю	я

Investigacións sobre a lingua

As primeiras notas sobre o keta (*Путешествия по разным провинциям Русского Государства*) foron publicadas en 1788 por P. S. Pallas nun dos seus cadernos de viaxes. En 1858, M. A. Castrén publicou o primeiro dicionario keta (*Versuch einer jenissei-ostjakischen and kottischen Sprachlehre*), que tamén incluía documentación sobre o kot e Castrén foi tamén o primeiro en realizar unha gramática completa da lingua[6]. No século XIX os keta foron erroneamente clasificados como unha tribo fino-ugria do grupo dos khats. O primeiro libro sobre gramática keta (Кетский язык) no século XX publicouno N.K.Karger en 1934.[7][8][9]

Notas

1. Kryukova, Elena (2013): "The Ket Language: from descriptive linguistic to interdisciplinary research". *Tomsk Journal of Linguistics & Anthropology* **1**: 39.
2. Hammarström, Harald; Forkel, Robert & Haspelmath, Martin, eds. (2017). "Yeniseian". Glottolog 3.0. Jena, Germany: Max Planck Institute for the Science of Human History.
3. Bauer, Laurie (2007): *The Linguistics Student's Handbook*. Edimburgo: Edinburgh University Press. ISBN 978-0-7486-2759-2.
4. Sanchez-Mazas, Alicia; Blench, Roger; Ross, Malcolm D.; Peiros, Ilia; Lin, Marie (25-07-2008). *Past Human Migrations in East Asia: Matching Archaeology, Linguistics and Genetics (en inglés)*. London: Routledge. ISBN 978-1-1341-4962-9.
5. Vajda, Edward J. (2006). *Loanwords in the World's Languages: a Comparative Handbook*. Berlin: De Gruyter Mouton. pp. 471–500.
6. Stefan, Georg (2007) " A Descriptive Grammar of Ket (Yenisei Ostyak). Volume I: Introduction, Phonology, Morphology. Global Oriental, Folkestone (Kent), p. 35
7. "A Descriptive Grammar of Ket (Yenisei-Ostyak)". *eds.b.ebscohost.com*. Consultado o 1 de abril de 2019.[*Ligazón morta*]
8. Karger, N. K. (1934). *Ketskij (Enisejsko-Ostyatskij) Jazyk*. Jazyki i Pismennost' Narodov Severa **III**. Moskva: Gosudarstvennoe Učebno-Pedagogičeskoe Izdatel'stvo. pp. 223–238.
9. Werner, Heinrich (1997). *Die Ketische Sprache*. Wiesbaden: Harrassowitz Verlag.

Véxase tamén

Bibliografía

- Georg, Stefan (2007). *Introduction, Phonology, Morphology*. *A Descriptive Grammar of Ket (Yenisei-Ostyak)* **1** (Folkestone, Kent, UK: Global Oriental Ltd). ISBN 978-1-9019-0358-4.
- Vajda, Edward J. (2000). *Ket Prosodic Phonology*. *Languages of the World* **15** (Munich: Lincom Europa).
- Vajda, M. Zinn, E.; Zinn, M. (2004). *Morfologicheskii slovar ketskogo glagola: na osnove iuzhno-ketskogo dialekta. = Morphological dictionary of the Ket verb: Southern dialect /.*
- Vajda, Edward J.; Kari, J., Editor; Potter, B. (2010). *Siberian Link with Na-Dene Languages* The Dene–Yeniseian Connection. *Anthropological Papers of the University of Alaska, new series* **5** (Fairbanks: University of Alaska Fairbanks, Department of Anthropology). pp. 33–99.
- Kotorova, Elizaveta, and Andrey Nefedov (eds.) (2015). *Comprehensive Ket Dictionary* / Большой словарь кетского языка (2 vols). Languages of the World/Dictionaries (LW/D) 57. Munich: Lincom Europa.

Outros artigos

- Linguas ieniseianas
- Pobo keta
